

ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL. 13

# O estado actual das vías romanas en Galicia e a necesidade dunha maior protección

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Martes, 23 de maio de 2017





O patrimonio das vías romanas en Galicia e a identificación dos seus trazados veñen sendo temas de estudo dende a segunda metade do século XVIII, continuaron a finais do XIX en relación fundamentalmente á Vía Nova (ou Vía N°18) e, xa nos anos 70, 80 e 90 do século XX, coas identificacións máis correctas dos trazados e a escala axeitada tanto nos restos arqueolóxicos, entre os que se atopan os epigráficos ou os arquitectónicos, como nas pontes. Aínda así, máis aló da Vía Nova, a pegada da traza da vía romana en Galicia segue sendo obxecto de debate, onde os criterios arqueolóxicos teñen que sumarse aos da enxeñaría, e incluso ás novas posibilidades de lectura do territorio que permiten a cartografía ou as tecnoloxías xeoespaciais. Fronte á protección do territorio histórico dos Camiños de Santiago, a traza das vías romanas (mais aló dalgunha ponte romana, como as de Ourense ou Bibeí, o resto están só inventariados) e as vías romanas (incluída a Vía Nova), polas características dispersas dos restos atopados, non tiveron ningún tipo de protección, o que determinou a desaparición recente dunha parte importante dos restos conservados, e incluso a localización na propia traza de determinadas instalacións. Debater, polo tanto, sobre o estado das vías romanas en Galicia e a necesidade dunha maior protección será o obxecto deste Encontro Monográfico.

Fotografía da portada: A Vía Nova na Limia ao seu paso por Sandiás

## PROGRAMA

16:15 horas  
Presentación

16:30 horas  
Re. exión xeral sobre o patrimonio das vías  
romanas en Galicia  
Carlos Nárdiz

17:00 horas  
A interpretación da rede viaria romana a partir  
dos aglomerados secundarios  
Fermín Pérez Losada

17:30 horas  
Contribución dos modelos informáticos para a  
análise dos trazados das vías romanas  
César Parcero-Oubiña

18:00 horas  
A protección da Vía XVIII en Galicia  
Santiago Ferrer

18:30 horas  
Os instrumentos na Administración para a  
protección  
Manuel Chaín

19:00 horas  
Mesa Redonda

## ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

## COORDINA

Carlos Nárdiz Ortiz

## LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705, Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao Encontro.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## MÁIS INFORMACIÓN

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

